

Lugar Aula de Cultura Xulio Cuns
Entradas Adultos 2 €

Nenos e nenas de balde

Cada nena ou neno debe de vir acompañado dunha persoa adulta como máximo debido á limitación da capacidade da sala.

O acceso será por orde de chegada ata completar a capacidade. Non se permite a reserva de asento.

Só

compañía Xampatito Pato

Un personaxe obsesivo, cuadrículado e meticoloso.

Un ser único na súa especie rodeado de un sen fin de caixas que escapan o seu control e coas que xoga para dar forma o seu mundo.

Do caos xorde un universo delirante onde inventa o riso, e crea unha loucura cómica transformándose nun novo ser cunha nova figura.



sáb.

4

18:00 h


idade **+4**
50 min.

Danzadal

compañía Exire

Danzadal é un espectáculo que mestura o teatro con diferentes tipos de danza, fundamentalmente, a danza moderna e o hip-hop.

Viaxaremos polo mundo dos soños e do Nadal e gozaremos como nunca.



sáb.

11

18:00 h

idade **+5**
50 min.

Semente. O home que plantaba árbores

compañía Eme2 emoción&arte

A partir do libro O home que plantaba árbores de Jean Giono. Inspirado en acontecementos reais, "Semente. O home que plantaba árbores" é unha historia inesquecible sobre o poder que o ser humano ten de influír no mundo ao seu redor.

Narra a vida dun home e o seu esforzo solitario, constante e paciente, para facer do lugar onde vive un lugar especial.

É unha historia admirable que nos mostra como un home humilde e insignificante aos ollos da sociedade, vivindo lonxe do mundo e usando unicamente os seus propios medios, consegue reforestar el só unha das rexións máis inhóspitas e áridas de Francia.



sáb.


18

18:00 h

idade **+7**
55 min.



decembro/2021



Paio e o poder da música

compañía Oviravai

xov.

23

18:00 h

idade **+3**
60 min.

A tripulación da nave soñadora, comandada por Roni, Kiki e Chamuco, afronta o emocionante reto de conseguir que o seu amigo (Oso Aurelio), recupere a súa cabeciña nunha trama chea de música, cor e divertidísimas coreografías.

Seguindo a liña e filosofía de Paio, ademais do divertimento, este espectáculo ten unha clara finalidade educativa. Nel trátanse temas tan transcendentales e actuais como o acoso, a igualdade, a reciclaxe ou algúns dos referentes máis destacados da nosa literatura.

Con Oviravai, o divertimento e a aprendizaxe están garantidas.



Organiza



Concello de Betanzos

Copatrocinan



XUNTA DE GALICIA



Deputación DA CORUÑA

AGADIC



Agencia Galega das Industrias Culturais



No concello de Betanzos cremos que o Nadal é tempo de regalar, divertirse, imaxinar... por iso, e porque nos gusta reciclar e reutilizar, aquí tes este teatriño moi, pero que moi, betanceiro.

Instrucións:

1. Recorta pola liña de puntos o interior do teatriño e este lateral do folleto.
2. Ata un cordón entre dúas cadeiras (pero antes pídelles permiso aos teus pais) e colga o folleto/teatriño con dúas pinzas da roupa.
3. Recorta os personaxes pola liña de puntos.
4. Pega un paliño pola parte de atrás do personaxe cun fiso. Serviráche de mango.
5. Comeza a función.

NANIÑO PÉNEZ O BOO



A RAÍÑA DA FESTA



O LEÓN DO PASATEMPO



O DEMO DA DANZA



O CAN DE SAN ROQUE



Organiza



Concello de Betanzos



Copatrocinan



Lembra que podes recortar e reutilizar este cartel e convertelo nun xogo. Ti inventas a historia. Reutilizar é outra forma de coidar o medio ambiente.

Podes sacarlle unha foto ao folleto e enviar un WhatsApp, un email... para que os teus amigos se divirtan nestas tardes de teatro.